

# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## DECRETO DA ALCALDÍA


**ASUNTO:** CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSONAL PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN OPERARIO DE LIMPEZA, A XORNADA COMPLETA, DURANTE NOVE MESES, PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS E LIMPEZA DE MONTES AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2021)

**EXPEDIENTE:** 2022/G003/000247

Tendo en conta a concesión a este Concello por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria dunha subvención por importe de 14.250,00€ para a contratación dun operario de limpeza para o servizo de prevención de incendios e limpeza de montes solicitada ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG nº 21, do 1 de febreiro de 2022).

Tendo en conta a imperiosa necesidade de proceder a contratar xa a este operario de limpeza debido á urxencia de proceder a limpar os montes e as faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia co fin de loitar contra os incendios nesta época do ano, a máis perigosa e a de maior incidencia polas altas temperaturas; remitiuse a correspondente oferta de emprego ao Servicio Público de Emprego (SEPE) recibindo o listado dos/das candidatos/a.

Tendo en conta que en resposta a miña proposta do vinte e cinco de maio de dous mils vinte e dous aos diferentes servizos municipais se elaboraron as respectivas bases por parte do departamento de Persoal e se informaron as mesmas por parte da técnica xurídica en informe asinado dixitalmente o dous de xuño de dous mil vinte e dous .



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Logo de ver o informe de fiscalización da Intervención (emitido o 16 de xuño de 2022 en relación á providencia da alcaldía do 25 de maio de 2022), no que se indica que “ (...) TERCEIRO.- Existe crédito orzamentario adecuado e suficiente nas aplicacións orzamentarias 2022.170.131000 e 2022.170.16000 por importe de 10.850,03 € e 3.969,09€ para facer fronte aos gastos que orixinará esta contratación de persoal no exercicio 2022.(...)”.

Considerando canto dispón a lexislación aplicable, e en uso das atribucións que a esta Alcaldía outorga o art. 21.1.a) e g) da Lei 7/85, do 2 de abril, e concordantes

## RESOLVO


1.- Advocar singularmente neste caso (para poder iniciar a prestación do contrato á maior brevidade posible) a atribución delegada na Xunta de Goberno Local mediante o meu decreto 315/2019, do 18 de xullo de 2019, correspondente a “*aprobación da oferta de emprego público, das bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo*”.

2.- Aprobar as bases, que quedan incorporadas como anexos de resolución, e autorizar o gasto correspondente para iniciar o procedemento de selección dun operario de limpeza, grupo de cotización catro (axudante non titulado), na modalidade de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

3.- Designar como instrutora dos expedientes, a efectos do indicado na base sétima, á técnica xurídica do Concello, dona Sonia Campos Ares.

4.- Ordenar a continuación do procedemento de selección de conformidade coas bases aprobadas publicando este acordo no taboleiro de anuncios e na web do Concello para que unicamente as persoas remitidas polo SEPE poidan presentar as súas solicitudes de participación e proceder a contratación do persoal subvencionado antes de rematar o prazo establecido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

5. Dar conta deste decreto á Xunta de Goberno Local e ao pleno do Concello na vindeira sesión plenaria.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I*

*Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)*

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe


O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto, e aos únicos efectos de fé pública (Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo) dou fe

A SECRETARIA

Eva Jardón López



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## ANEXO I

### **BASES REGULADORAS DA SELECCIÓN QUE REXERÁN A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN OPERARIO DE LIMPEZA PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS E LIMPEZA DE MONTES AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2022)**

#### **PRIMEIRA.-OBXECTO**

O obxecto destas bases é regular a contratación laboral temporal para o servizo de prevención de incendios e limpeza de montes de:

- un operario de limpeza (grupo de cotización 4/axudantes non titulados)
- xornada completa, modalidade de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social
- nove meses

A contratación farase a través dun procedemento de selección extraordinario e urxente a través dunha fase de oposición e entrevista profesional dada a imperiosa necesidade, urxente e inaprazable, de proceder a limpeza de montes e das faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia co fin de loitar contra os incendios que nesta época do ano, a de maior calor, teñen o seu maior auxe. Tendo en conta a situación na que nos atopamos, recentemente saídos da fase de alarma, non foi posible proceder á contratación polo que agora urxe proceder a esta contratación así como cumprir coa subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG nº 21, do 1 de febreiro de 2022).

#### **SEGUNDA.- DURACIÓN DO CONTRATO, SALARIO E FUNCIONS**

A duración do contrato será de nove meses dende a súa sinatura deste e cunha xornada de traballo a tempo completo. A contratación estará sempre supeditada á resolución de concesión da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

As persoas traballadoras recibirán un salario bruto de 1.166,67 euros/mes por todos os conceptos,



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

incluída a parte proporcional da paga extra.

As tarefas a realizar serán as de limpeza de montes e tarefas de silvicultura nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

## **TERCEIRA.- REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS**

1. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ao emprego público conforme cos artigos 56 e 57 do Texto refundido do estatuto básico do empregado público e ao artigo 52 da Lei 2/2015 do emprego de Galicia.
2. Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima establecida para a xubilación forzosa.
3. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias do posto obxecto desta convocatoria.
4. Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
5. Estar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento de selección como no da formalización do contrato e ser candidatos/as previamente seleccionados polo SEPE de Galicia previa oferta de emprego realizada polo Concello de Carral.
6. Non ter sido contratado/a con cargo ás axudas concedidas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, por un período igual ou superior a nove meses, no ámbito de colaboración coas entidades locais en materia de políticas activas de emprego para a contratación de persoas desempregadas, segundo se indica no artigo 14.2 da dita Orde do 7 de xaneiro de 2022.

Os anteriores requisitos deberanse cumprirse non momento da presentación das instancias e no momento da contratación.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## CUARTA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Unha vez publicado o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios deste Concello e na súa páxina web iniciarase o prazo para a presentación de solicitudes que será de **dous días hábiles**. Os/as candidatos, **remitidos unicamente pola oficina de emprego de Monelos trala oferta de emprego realizada segundo os requisitos do programa Aprot rural 2022**, terán a súa disposición nas oficinas municipais e na web do Concello as bases co modelo de solicitude. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

As solicitudes (anexo I) dirixidas ao Sr. alcalde do Concello de Carral presentaranse no rexistro xeral do Concello (en horario de 9 a 14 horas) ou por calquera dos procedementos que establece o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán estar seladas e datadas polo funcionario de correos. Os/as aspirantes deberán comunicalo mediante fax (981672282) ou correo electrónico ([concello@carral.es](mailto:concello@carral.es)) durante o mesmo prazo de presentación de instancias. En caso de non facerse esta comunicación a persoa interesada quedará excluído do procedemento de selección dada a urxencia do mesmo.


A instancia de solicitude para participar neste proceso selectivo acompañarase de:

- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte.
- Declaración de cumprir cos requisitos sinalados nestas bases (anexo I)
- Documentación que acredite algunhas das circunstancias que se establecen como criterios de preferencia.

Non se admitirá máis documentación que a presentada con anterioridade á data límite de presentación de solicitudes.

Terán preferencia os colectivos sinalados no artigo 14.5 da Orde do 12 de abril de 2021:

- a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do seu primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración (máis de dous anos)
- d) Persoas con discapacidade



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

e) Persoas desempregadas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego ás que tiveran dereito.

f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos

g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego dos/as posibles beneficiarios/as así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

As persoas que non consigan ocupar o posto pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo de tal maneira que, se o/a seleccionado/a causa baixa por IT, maternidade, renuncia, etc, o Concello tirará desa bolsa para cubrir o posto vacante e polo tempo límite da subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria, isto é, ata cumprir os nove meses concedidos pola subvención concedida.


Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección levaranse a cabo, exclusivamente, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web ([www.carral.es](http://www.carral.es)).

### QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

1.-Os membros do órgano de selección serán designados pola Alcaldía, ao abeiro do establecido nos artigo 60 e 61 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e a súa composición publicarase no taboleiro de anuncios do Concello. Tenderase a que os membros do tribunal sexan persoal do propio Concello, non tendo dereito a percibir as indemnizacións por asistencia correspondentes segundo o RD 462/2002, do 24 de maio.

2.-Na composición do órgano de selección promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes, segundo a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

3.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir no procedemento cando concorran as circunstancias que prevé o artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, notificándoo á autoridade que os convoca. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal de conformidade co establecido



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

4.- O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan. Cada sesión do tribunal recollerase na correspondente acta, sen que poida levantarse máis dunha acta por sesión.

5.- O tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios dos aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades cos demais participantes.

6.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases adoptando os acordos que resulten procedentes.

## **SEXTA.- PROBAS DE SELECCIÓN**

Constará dunha fase de oposición (6 puntos) e de entrevista profesional (4 puntos).

A fase de oposición consistirá nunha proba práctica cunha valoración máxima de seis puntos que consistirá na realización dunha proba relacionada coas funcións propia do posto de traballo. Serán convocados en chamada única e terán que vir provistos do DNI ou documento que acredite a súa identidade no momento da proba.

A entrevista profesional realizarase o mesmo día que a proba práctica debido a urxencia da contratación e nela valoraranse a especial aptitude e o coñecemento do medio.


## **SÉTIMA.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN**

No decreto de aprobación destas bases designarase a unha persoa encargada de recibir e comprobar a presentación polos/as candidatos/as da documentación requirida e de realizar unha proposta á alcaldía cos/candidatos admitidos/as e excluídos/as provisionalmente.

O alcalde ou órgano delegado ditará a resolución pola que se aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas que se fará pública no taboleiro e na web do Concello, outorgándose un prazo de dous días hábiles para correccións ou emendas nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. De non existiren candidatos/as excluídos/as, a listaxe provisional elevarase automaticamente a definitiva.

As reclamacións, de existiren, resolveranse na resolución pola que se aproba a listaxe definitiva que se publicará da mesma forma que a provisional. Nesta mesma resolución recollerase a composición do tribunal





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

e o lugar, hora e a data da celebración das probas.

O día da realización das probas, posteriormente a estas, o tribunal levantará acta coas puntuacións outorgadas aos/as aspirantes en cada proba. Esta valoración destes méritos publicarase de forma global coa puntuación acadada na entrevista profesional conferíndolle a todos/as os/as interesados/as un prazo de un día hábil para reclamacións ou alegacións. De presentárense reclamacións ou alegación o tribunal resolverá as mesmas e volverá a publicar a lista cos resultados definitivos que elevará á alcaldía coa persoa proposta para ocupar o posto.

O/a aspirante proposto/a achegará a maior brevidade posible e no prazo máximo de dous días a documentación seguinte:

- a tarxeta de desemprego.
- a tarxeta da seguridade social
- certificado orixinal de titularidade de conta bancaria así como número IBAN.


De non presentarse dita documentación pola persoa con maior puntuación procederase ao chamamento da seguinte persoa con maior puntuación no procedemento de selección.

Para o caso de empate na puntuación final de dúas ou máis persoas, esta resolverase tendo en conta os criterios de preferencia marcados no artigo 14 da Orde da Xunta de Galicia relativos aos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral.

## OITAVA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Xustificada a documentación sinalada no artigo anterior e, previa fiscalización preceptiva da intervención municipal, formalizarase o contrato entre o Sr. alcalde do Concello e o/a aspirante seleccionado/a. Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ao posto, o/a aspirante non terán dereito á percepción económica algunha. Despois, mensualmente, recibirán o importe total de 1.166,67€ (incluída xa a parte proporcional da paga extra).

## ANEXO II



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## MODELO DE INSTANCIA

D/<sup>a</sup>.....con D.N.I.  
nº..... e  
enderezona.....  
.....C.Postal.....Localidade.....  
.....  
Municipio.....Provincia.....Teléfono.....  
.....


Como candidato/a remitido/a pola SEPE de Galicia para o posto de traballo que o Concello de Carral pretende cubrir de operario de limpeza para o servizo de prevención de incendios e limpeza de montes ao abeiro da subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro do programa Aprod rural 2022 **DECLARO/A:**

1º.- Que coñezo e acepto na súa integridade e sen obxección ningunha as bases que rexen a convocatoria. 2º.- Que solicito ser admitido/a ao referido concurso e comprométome a someterme ás bases que o regulan. 3º.- Que estou inscrito/a no SEPE de Galicia como demandante de emprego non ocupado e con dispoñibilidade para o emprego.

4º.- Que non padezo enfermidade, nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias do posto obxecto desta convocatoria.

5º.- Que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

6º.- Que non fun contratado/a, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas desempregadas, segundo se indica no artigo 14.2 da dita Orde do 7 de xaneiro de 2022(DOG núm. 21, do 1 de febreiro de 2022).



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Xunto coa instancia (anexo II) achego documentación acreditativa de atoparme nas circunstancias recollidas no punto cuarto das bases.

Carral, de de 2021

O/a aspirante

Sinatura

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO CARRAL